



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	BIOMECÁNICA	Código	651G01009	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Raposo Vidal, Isabel	Correo electrónico	isabel.raposo.vidal@udc.es	
Profesorado	Meilán Devesa, José Ramón	Correo electrónico	jose.meilan@udc.es	
	Raposo Vidal, Isabel		isabel.raposo.vidal@udc.es	
	Senin Camargo, Francisco José		francisco.senin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia, ao alumno capacítaselle coñecer os movementos do corpo humano e os seus principios fundamentais, que lle capacitará para realizar análises kinesiolóxicos básicos, avaliar os movementos con exactitude e en concordancia cos principios anatóxicos, fisiolóxicos, e mecánicos, así como a identificación dos efectos do movemento sobre a estrutura humana, o cal lle permitirá efectuar a selección de exercicios e actividades adecuadas para a prevención, terapia e mantemento do corpo humano.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os movementos que se producen globalmente e nos distintos segmentos vertebrais, os factores que inflúen nos mesmos e a repercusión de cada segmento no funcionamento global do raquis, así mesmo deberá comprender a influencia das articulacións costais nos movementos respiratorios	A1 A2	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C9
Coñecer os movementos que se producen nas articulacións do cinto pélvico, así como a relación que existe entre o posicionamento do sacro e a estática e a dinámica da charnela lumbosacra. Así mesmo debe coñecer o comportamento do cinto pélvico durante o parto. Tambien deberá coñecer os movementos que teñen lugar no membro inferior, así como os factores que colaboran na súa estabilidade, e o funcionalismo do aparello motor.	A1 A2	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C9
Coñecer a estrutura de cada unha das articulacións que conforman o cinto escapular e o membro superior, os factores que contribúen á súa estabilidade, e a amplitude de cada unha delas, así como os elementos musculares que interveñen nos devanditos movementos	A1 A2	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C9
Comprender os sistemas de control para o mantemento da postura erecta, e en especial da boa postura; así mesmo deberá integrar e relacionar a conexión que existe entre a postura e as cadeas cinéticas	A1 A2	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C9



Coñecer as características do patrón normal do adulto, así como as accións musculares que teñen lugar durante o desenvolvemento da mesma a nivel dos distintos segmentos do aparello locomotor, ademais das alteracións mecánicas que pode sufrir a marcha.	A1	B1	C1
	A2	B2	C9
		B3	
		B4	
		B5	

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución. FUNDAMENTOS DA BIOMECÁNICA E DA CINESIOLOXÍA	<ul style="list-style-type: none"> a. Biomecánica e cinesiología. b. Parámetros cinemáticos e cinéticos. c. Biomecánica dos tecidos <ul style="list-style-type: none"> c.1. Óseo c.2. Cartílago articular c.3. Ligamentos e tendóns c.4. Fascias c.5. Músculos c.6. Tecido nervioso periférico
UNIDAD TEMÁTICA I: BIOMECANICA FUNCIONAL DO TRONCO	<ul style="list-style-type: none"> Tema 1.1. Biomecánica da columna vertebral. (I) Tema 1.2. Biomecánica da columna vertebral. (II) Tema 1.3. Biomecánica do segmento lumbar da columna vertebral Tema 1.4. Biomecánica do segmento dorsal da columna vertebral Tema 1.5. Biomecánica da respiración Tema 1.6. Biomecánica do segmento cervical da columna vertebral. (I) Tema 1.7. Biomecánica do segmento cervical da columna vertebral. (II)
UNIDAD TEMÁTICA II: BIOMECANICA DO CINTURÓN PELVICO E DO MEMBRO INFERIOR	<ul style="list-style-type: none"> Tema 2.1. Biomecánica do cinturón pélvico. Tema 2.2. Biomecánica da coxa Tema 2.3. Biomecánica do xeonllo Tema 2.4. Biomecánica do nocelo Tema 2.5. Biomecánica do pé. (I) Tema 2.6. Biomecánica do pé. (II)
UNIDAD TEMÁTICA III: BIOMECANICA DO CINTURON ESCAPULAR E DO MEMBRO SUPERIOR	<ul style="list-style-type: none"> Tema 3.1. Biomecánica do cinturón escapular Tema 3.2. Biomecánica da articulación glenohumeral Tema 3.3. Biomecánica do cúbado Tema 3.4. Biomecánica do pulso Tema 3.5. Biomecánica da man
UNIDAD TEMÁTICA IV: BIOMECANICA DA POSTURA	<ul style="list-style-type: none"> Tema 4.1. Cadeas cinéticas Tema 4.2. Biomecánica da postura
UNIDAD TEMÁTICA V: BIOMECANICA DA MARCHA	<ul style="list-style-type: none"> Tema 5.1. Biomecánica da marcha (I) Tema 5.2. Biomecánica da marcha (II) Tema 5.3. Biomecánica da marcha patolóxica



PRACTICAS DE LABORATORIO	<p>Práctica 1. Análise biomecánico da columna cervical.</p> <p>Práctica 2. Análise biomecánico da columna dorsal e das articulacións costais.</p> <p>Práctica 3. Análise biomecánico da columna lumbar.</p> <p>Práctica 4. Análise biomecánico da columna vertebral en conxunto</p> <p>Práctica 5. Análise biomecánico do cinturón pélvico.</p> <p>Práctica 6. Análise biomecánico da articulación da coxa.</p> <p>Práctica 7. Análise biomecánico da articulación do xeonllo.</p> <p>Práctica 8. Análise biomecánico de la articulación do tornecelo e do pé.</p> <p>Práctica 9. Análise biomecánico do cinturón escapular.</p> <p>Práctica 10. Análise biomecánico da articulación glenohumeral.</p> <p>Práctica 11. Análise biomecánico da articulación do cóbado.</p> <p>Práctica 12. Análise biomecánico da articulación da boneca.</p> <p>Práctica 13. Análise biomecánico da man.</p> <p>Práctica 14. Análise biomecánico da marcha</p>
--------------------------	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C9	35	60	95
Prácticas de laboratorio	A2 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C9	22	27	49
Proba mixta	A2 C1 C9	2	0	2
Proba práctica	A2 C1 C9	1	0	1
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un/unha profesor/a en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. Os contidos abordados nas sesións maxistras serán obxecto de avaliación mediante probas de comprensión, e traballos tutelados. No entanto, dentro da avaliación continuada da materia, valorarase tamén a asistencia, puntualidade, actitude e participación razoada.
Prácticas de laboratorio	Metodoloxía que permite que os/as estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións. Os contidos abordados en tanto nas prácticas serán obxecto de avaliación mediante probas de comprensión e traballos tutelados. No entanto, dentro da avaliación continuada da materia, valorarase tamén a asistencia, puntualidade, actitude e participación razoada.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.



Proba práctica	Proba na que se busca que o/a alumno/a desenvolva total ou parcialmente algunha práctica que previamente tivese feito durante as clases prácticas. A proba práctica pode incluír previamente a resolución dunha pregunta/problema que teña como resultado a aplicación práctica dunha determinada técnica ou práctica aprendida.
----------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Sesión maxistral Proba práctica	<p>Actividade académica desenvolvida polo/a profesor/a, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumno/a relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.</p> <p>Esta actividade farase preferentemente de forma non presencial (a través do correo electrónico, Microsoft Teams e/ou do campus virtual Moodle) e/ou, excepcionalmente, de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o/a profesor/a ten asignados a tutorías de despacho).</p> <p>Enténdese por atención personalizada o tempo que cada profesor/a reserva para atender e resolver dúbidas ao/á alumno/a en relación a unha materia concreta.</p> <p>Non se debe confundir atención personalizada con tutoría académica, xa que esta fai referencia á necesidade de asignar a cada alumno/a un/unha titor/a desde primeiro curso da carreira ata que finaliza os estudos universitarios, co obxectivo de ofrecer un soporte permanente e formal en aqueles momentos nos que debe tomar decisións.</p> <p>Para a súa realización é importante consultar co/coa profesor/a os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso para asegurar a calidade dos traballos de acordo aos criterios que se indicarán. O seguimento farase preferentemente de forma individualizada a través dos espazos de comunicación da ferramenta Moodle.</p> <p>O/a alumno/a con dedicación parcial disporá do mesmo tempo e procedemento que os restantes estudantes.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A2 C1 C9	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p>	70



Sesión maxistral	A1 A2 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C9	<p>Tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un/unha profesor/a en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Os contidos abordados nas sesións maxistrais serán obxecto de avaliación continuada mediante probas de comprensión que se realizarán, de forma aleatoria, en diferentes momentos do cuadrimestre, e/ou traballos tutelados.</p> <p>Ademais, dentro da avaliación continuada da materia, valorarase tamén a asistencia, puntualidade, actitude, participación razoada, traballo en equipo, resolución de prácticas e axuda aos/ás compañeiros/as durante as mesmas.</p>	10
Proba práctica	A2 C1 C9	<p>Proba na que se busca que o/a alumno/a desenvolva total ou parcialmente algunha práctica que previamente tivese feito durante as clases prácticas. A proba práctica pode incluír previamente a resolución dunha pregunta/problema que teña como resultado a aplicación práctica dunha determinada técnica ou práctica aprendida.</p>	20

Observacións avaliación

Para superar a materia a NOTA obtida deberá ser igual ou superior ao 50% da puntuación posible, sendo imprescindible alcanzar unha puntuación mínima de 5/10 puntos na proba mixta, e de 4/10 puntos na proba práctica.

Se a cualificación obtida da ponderación da proba mixta e da proba práctica resulta igual ou superior a 5/10 puntos, pero una das partes non alcanza o mínimo esixido, a cualificación final será de suspenso (cunha puntuación de 4,9/10 puntos).

Se o/a estudante consegue superar unha das partes (proba mixta ou proba práctica) no exame de 1ª oportunidade (maio/xuño), gardarase a cualificación obtida na mesma así como a avaliación continuada só ata a convocatoria de 2ª oportunidade (xuño/xullo).

As porcentaxes asignadas a cada proba poden sufrir pequenas modificacións dun curso a outro en función das necesidades da materia; no entanto, o valor do exame (proba obxectiva e proba práctica) nunca será inferior ao 70% da nota final, e o valor da avaliación continuada (traballos tutelados e lecturas) nunca será superior ao 30%.

ALUMNO CON MATRÍCULA PARCIAL

Aqueles alumnos con matrícula parcial estarán sometidos aos mesmos criterios.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a calificación de suspenso na convocatoria na que se cometa: o/a estudante será calificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto si a comisión dafalta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto procederase a modificar a súa calificación na acta da primeira oportunidade, si fose necesario.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- Luttgens & Wells. Kinesiología: Bases científicas del movimiento humano. Séptima edición. Madrid: Ed. C.B.S. College Publishing. (1985) - Miralles M. y Miralles R. Biomecánica clínica de los tejidos y las articulaciones del aparato locomotor. 2ª edición, 20005. Ed. Masson - Dufour M., Pillu M. Biomecánica Funcional: Bases anatómicas, Estabilidad, Movilidad, Tensiones. Barcelona: Masson; 2006- Kapandji. A. Fisiología Articular. Tomos 1, 2 y 3. Madrid: Maloine; 2006- Nordin & Frankel. Biomecánica básica de sistema músculoesquelético. 3ª ed. Madrid: McGraw ? Hill ? Interamericana; 2001- Piéra J. B. y Grossiord A. La marche. Encycl. Méd. Chir. Paris. Kinésithérapie, 4.4.02, 26013 A10 y A15. - Oatis C.A. Kinseiology; The mechanics and Pathomechanics of Human Movement. 2ª Edición , Lippincott Williams & Wilkins, a Wolters Kluwer business. 2009- Levangie P. K. & Norking C.C. Joint Structure and Function; A Comprehensive Analysis. 4ª Edición. F.A. Davis Company 2005.- Neumann D.A. Cinesiología del sistema musculoesquelético: fundamentos de la rehabilitación física. Paidotribo 2007.- Molina Rueda F. La marcha humana: biomecánica, evaluación y patología. Panamericana 2020.- Martínez Zazo S. Biomecánica patológica de las lesiones de pie y tobillo. Neuromotion control 2021.- Biel A. Guía del cuerpo humano en movimiento. Panamericana 2021.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

ANATOMÍA I E HISTOLOXÍA/651G01001
 ANATOMÍA II/651G01002
 FISIOLOXÍA/651G01003
 CINESITERAPIA XERAL/651G01005

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

FISIOTERAPIA DA ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA/651G01025

Materias que continúan o temario

FISIOTERAPIA NAS ALTERACIÓNS ESTÁTICAS E DINÁMICAS DO RAQUIS/651G01015

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos do Plan Green Campus da Facultade de Fisioterapia, os traballos documentais que se realicen nesta materia poderanse solicitar tanto en formato papel como virtual ou soporte informático. De realizarse en papel, seguiranse na medida do posible as seguintes recomendacións xerais:- Non se utilizarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.PERPECTIVA DE XÉNERO:Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías